

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Lugo para levar a cabo actividades de colaboración no ámbito da protección civil

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

INFORMA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades ten previsto formalizar co Concello de Lugo o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de catro anos desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións que permitan articular a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Lugo, a través do Departamento de Protección Civil e o CIFP As Mercedes, no relativo á práctica para probar os desenvolvementos do centro no ámbito do medioambiente, no mando e control de frota de drones, UAS, dispositivos robóticos e dispositivos anti-dron, nunha contorna operativa real, así coma noutras áreas tecnolóxicas nas que o CIFP As Mercedes poida contribuír aos obxectivos do Departamento de Protección Civil e no coñecemento, instrución, adestramento e capacitación no emprego de novas tecnoloxías aplicadas á protección civil.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que o Centro de Formación Profesional CIFP As Mercedes de Lugo é un centro educativo público dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, polo que todas as súas ensinanzas teñen carácter oficial. Foi declarado Centro de Excelencia na Formación Profesional, e ven actuando como creador de contorno de innovación, sustentabilidade e emprendemento no ámbito da Formación Profesional,



tres eixos transversais fundamentais no novo modelo de FP. Ven mantendo unha estreita colaboración coas empresas da súa contorna, asociacións empresariais e sindicais, centros de formación e entidades do terceiro sector para converterse en motores da innovación. Dentro da súa oferta formativa atópanse identificadas unha serie de áreas funcionais relacionadas co medioambiente e mantemento, áreas vinculadas a tecnoloxías e solucións que poden ser aplicadas dentro do ámbito da protección civil, dirixida a crear unha contorna máis eficiente na súa operatividade ou no estudo adaptado para a súa posterior aplicación no devandito ámbito.

2. O Concello de Lugo por medio do Departamento de Protección Civil ten a vontade de establecer un diálogo a nivel técnico, operativo e formativo que permita detectar problemas, ofrecer solucións, formación e aplicacións de coñecementos prácticos de novas tecnoloxías e medioambientais que puidesen servir á orientación de evolucións futuras dos seus desenvolvementos cara a solucións máis competitivas e prácticas no ámbito da protección civil.
3. Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é consciente de que constitúe unha excelente oportunidade para probar o traballo desenvolvido no CIFP As Mercedes no ámbito do medioambiente, no mando e control de frota de drones, dispositivos robóticos e dispositivos anti-dron, nunha contorna operativa real como é a operativa funcional da protección civil.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

María Eugenia Pérez Fernández

Directora Xeral de Formación Profesional

